



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA ASISTIR CUN STAND INFORMATIVO DE EXPOBÚS IBERIA 2025 Á FEIRA INTERNACIONAL DO AUTOBÚS E O AUTOCAR 2024 EN IFEMA MADRID

Santiago de Compostela, 2024

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Ricardo José Durán Rodríguez, na súa condición de Director Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, clasificada como de interese benéfico-privada por Orde do 9 de xullo de 1991 da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 138, do 19.07.1991) e declarada de interese galego por Orde do 10 de xullo de 1991 da Consellería de Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 23 do 19.07.1991), figurando inscrita co número de rexistro 1991/5, e que intervéñen por conta e en representación da devandita fundación, con capacidade para vinculala neste acto por acordo adoptado polo Patronato da Fundación en reunión celebrada o 12 de decembro de 2013, elevado a público en virtude de escritura autorizada ante o notario Manuel Barros Gallego o 27 de decembro de 2013, co número 1.336 do seu protocolo.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, nos transportes efectuados por estes medios, consonte aos artigos 148.1.5º da Constitución Española e 27.8 do Estatuto de Autonomía.

As referidas competencias son exercidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, centro directivo ao que, consonte ao Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, correspóndelle, entre outras funcións, *"a promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e o asesoramento ao departamento nestas materias"*.

Sen prexuízo do esforzo que nos últimos anos esta administración está a levar a cabo en materia de planificación e execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as en colaboración coas restantes Administracións públicas e institucións interesadas, tamén é consciente da





importancia de coñecer as innovacións en materia de mobilidade colectiva, ecolóxica e conectada así como de manter unha estreita comunicación cos actores que interveñen neste sector. Este coñecemento das novidades no sector e o contacto directo coa industria é un aspecto clave que permitirá á Dirección Xeral de Mobilidade a continua mellora das infraestruturas e dos servizos de transporte no eido das súas competencias.

Segundo. A Fundación Semana Verde de Galicia (FSVG) constituída como fundación de interese xeral galego e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, consonte a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Entre os seus fins, constan nos seus Estatutos promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores; reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais; o impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Para o cumprimento destes fins, a Fundación realiza, entre outras actuacións, a organización de EXPOBÚS IBERIA, feira de transporte de viaxeiros por estrada que o pasado ano 2023 celebrou a súa terceira edición, consolidándose como a segunda maior feira do sector a nivel nacional, moi próxima á primeira en número de expositores.

EXPOBÚS IBERIA celebrará a súa IV edición ó vindeiro ano 2025 no recinto Feira Internacional de Galicia ABANCA, en Silleda. Un ano máis, converterase nun escaparate excepcional das tendencias, novidades e innovacións no eido do transporte de viaxeiros por estrada, sendo así un referente para os profesionais do autobús e o autocar.

De cara a promocionar este evento, a FSVG ten previsto asistir á Feira Internacional do Autobús e o Autocar (FIAA), evento bienal organizado por IFEMA MADRID que celebrará a súa XV edición do 22 ao 25 de outubro deste ano 2024, cun *stand* informativo de EXPOBÚS IBERIA 2025, para o cal require a colaboración da Xunta de Galicia mediante unha aportación económica para o financiamento dos costes do dito *stand*.

FIAA é o punto de encontro da industria do autobús coas empresas de transporte de viaxeiros por estrada e o gran escaparate das innovacións dunha mobilidade colectiva segura, ecolóxica e conectada. Na actualidade é o evento líder en España e Portugal para a venda de servizos, materiais e compoñentes para as frotas de autobuses.

Os principais obxectivos que persegue a Fundación coa participación en FIAA son os seguintes:

1. Presentación da nova edición EXPOBUS IBERIA 2025.
2. Reforzo da imaxe da marca EXPOBUS IBERIA.
3. Consolidala como un potencial líder no sector.
4. Ter un contacto directo con todos os expositores e visitantes da feira e coñecer a situación actual do sector.
5. Manter reunións con todas as asociacións profesionais e revistas do sector que estean





presentes, co fin de conseguir o seu apoio para EXPOBÚS IBERIA, tanto na parte expositiva como na de xornadas técnicas.

Terceiro. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, considera de interese económico a difusión da feira EXPOBÚS IBERIA 2025 para a promoción do sector do transporte en Galicia.

Os obxectivos descritos e a relevancia do evento EXPOBÚS IBERIA 2025 para o cumprimento das funcións atribuídas á Dirección Xeral de Mobilidade en relación coa política de transporte e a promoción da investigación sobre o transporte e mobilidade, acreditan a existencia de razóns de interese económico que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da Fundación Semana Verde de Galicia.

Cuarto. Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas desta Fundación para a promoción de EXPOBÚS IBERIA 2025 mediante a participación en FIAA 2024.

Quinto. A Fundación Semana Verde de Galicia cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 35.08.512A.780.1 (Código de proxecto 2023 00247) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Sétimo. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Semana Verde de Galicia acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Semana Verde de Galicia para a participación desta entidade na Feira Internacional do Autobús e o Autocar (FIAA) 2024 co fin de promocionar a feira EXPOBÚS IBERIA 2025 que se celebrará en Silleda en 2025, mediante a participación cun *stand* comercial informativo de EXPOBÚS IBERIA 2025 na Feira Internacional do Autobús e do Autocar que se celebrará en IFEMA Madrid do 22 ao 25 de outubro de 2024.

O orzamento desta acción promocional é de 5.079,06 euros, o cal se xunta como Anexo I a este convenio, do cal forma parte.



Segunda. Obrigas da Fundación Semana Verde de Galicia.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da FSVG:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houbera, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula quinta deste convenio.
 - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicarlle ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
8. Colaborar e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións





de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

9. De conformidade co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 20 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a devandita Lei, a Fundación Semana Verde de Galicia deberá dar publicidade do carácter público da financiación da súa actividade. En particular, coa colocación dun cartel no *stand* cunha lenda relativa ao financiamento por parte da Xunta de Galicia, así como a inclusión da súa imaxe institucional.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de cinco mil setenta e nove euros con seis céntimos, (5.079,06 €) con cargo á aplicación orzamentaria 35.08.512A.780.1 (código de proxecto 2023 00247) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que se achega como Anexo I.
2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese a FSVG como consecuencia da disposición dun *stand* coas características indicadas no orzamento na Feira Internacional do Autobús e o Autocar que se celebrará en IFEMA Madrid os días 22 ao 25 de outubro de 2024, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinta. Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, a FSVG deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e da documentación acreditativa do pago.
 - c) Declaración responsable asinada electrónicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na cal se faga constar:





- O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que a FSVG non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
 - Que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- d) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Acreditación do cumprimento da obriga de presentar as contas anuais ao protectorado para a súa anotación e depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Gallego de acordo co disposto no artigo 38 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Á vista desta documentación o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da fundación e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos exixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Dirección Xeral de Mobilidade poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 18 de novembro de 2024.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pago da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada polo beneficiario e pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Sexta. Revogación, reintegro e resolución

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.





Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a Fundación Semana Verde de Galicia nas cláusulas deste convenio.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

Octava. Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

Novena. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, poderase constituír unha comisión mixta de seguimento, integrada por un representante da Dirección Xeral de Mobilidade e un representante da Fundación.
2. A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula segunda.
3. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
 - Velar polo cumprimento dos fins previstos neste convenio.
 - Realizar un seguimento das actuacións e/ou actividades incluídas no presente convenio.
 - Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde no beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.
 - Emitir informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e /ou aplicación deste convenio.
 - Intervención previa á resolución por incumprimento.

Décima. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu





obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Décimo segunda. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo terceira Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.
2. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo cuarta. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.





Décimo quinta. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Diego Calvo Pouso

Director Xeral da Fundación Semana
Verde de Galicia

Ricardo José Durán Rodríguez





Anexo I

Concepto	Importe (Euros)
Stand llave mano premium	4.722,66
Paquete comunicación y márketing	356,40
TOTAL	5.079,06

